



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|------------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2020/21 |
| Asignatura (*) | Socioloxía da educación | Código | 652G02004 | |
| Titulación | Grao en Educación Primaria | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuatrimestre | Primeiro | Formación básica | 6 |
| Idioma | CastelánGalego | | | |
| Modalidade docente | Híbrida | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Socioloxía e Ciencias da Comunicación | | | |
| Coordinación | Vazquez Fernandez, Xose Gabriel | Correo electrónico | gabriel.vazquez@udc.es | |
| Profesorado | Rodríguez Barcón, Alberto | Correo electrónico | alberto.barcon | |
| | Vazquez Fernandez, Xose Gabriel | | gabriel.vazquez@udc.es | |
| Web | www.udc.gal | | | |
| Descrición xeral | Básicamente, trátase de concebir a educación como un sistema en sí mesmo, coas súas correspondentes partes, elementos, funcións, organización, institucionalización, etc.; e que a súa vez forma parte do sistema social en xeral. Con esta materia o que se pretende é que o alumnado acade un grao de coñecemento e tamén concienciación e interiorización do proceso conformador da educación como fenómeno sociolóxico, co seu correspondente espazo, papel e funcións nas nosas sociedades. Tamén se trata dunha formación que persegue dotar de habilidades teórico prácticas ao seu alumnado sobre un ámbito tan importante como a educación, para que a integren tanto a nivel persoal como profesional. | | | |



Plan de continxencia

1. Modificacións nos contidos:

? Non se realizarán cambios

2. Metodoloxías:

? Non se realizarán cambios

*Metodoloxías docentes que se modifican

? Ningunha

3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado:

? Correo electrónico: Diariamente. De uso para facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados.

? Moodle: Segundo as necesidades do alumando. Dispoñen de ?foros temáticos asociados aos módulos? da materia, para formular as consultas necesarias. Tamén hai ?foros de actividade específica? para desenvolver as ?Discusións dirixidas?, a través das que se se pon en práctica o desenvolvemento de contidos teóricos da materia.

? Teams: Sesión semanal en gran grupo para o avance dos contidos teóricos e dos traballos tutelados na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario de aulas da facultade.

De 1 a 2 sesións semanais (ou mais segundo o demande o alumnado) en pequenos grupos (ate 6 persoas), para o seguimento e apoio na realización dos ?traballos tutelados?. Esta dinámica permite facer un seguimento normalizado e axustado ás necesidades da aprendizaxe do alumando para desenvolver o traballo da materia.

4. Modificacións na avaliación:

Traballos tutelados (100%): En relación cos traballos tutelados valorarase:

? A adecuación metodolóxica das propostas de traballo.

- A profundidade do contido.
- O dominio das aplicacións utilizadas na elaboración das propostas socioeducativas.
- O tratamento dunha linguaxe propia do contexto disciplinar.
- A utilización de fontes documentais complementarias e actuais.
- A presentación e a claridade da exposición.

*Observacións de avaliación:

Mantéñense as mesmas que figuran na guía docente, engadindo que:

- O cómputo da asistencia se realizará respecto das sesións conectadas en Teams e, se é o caso, as que houbera de modo

presencial ate o momento no que se suspendeu a actividade presencial.

1. SITUACIÓNS:

A) Alumnado con dedicación completa:

Asistencia/participación nas actividades de clase mínima do 80%:

a) Elaboración e presentación dos traballos (100%).

B) Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, segundo establece a "NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN

AO ESTUDO DOS ESTUDANTES DE GRAO NA UDC (Arts. 2.3; 3.b e 4.5) (29/5/212):

Asistencia/participación nas actividades de clase mínima do 60%:

a) Elaboración e presentación dos traballos (100%).

2. REQUISITOS PARA SUPERAR A MATERIA:

1. Asistir e participar regularmente nas actividades da clase.
2. Obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación (traballos tutelados).
3. Entregar os traballos tutelados na data que se indique.
4. A oportunidade de xullo estará sometida a unha proba oral sobre os contidos da materia.

5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía:

- Non se realizarán cambios. Xa se priorizan na Guía os materiais de traballo da maneira dixitalizada, formato ebook da Biblioteca. Tamén se reforzará os contidos con material en Moodle.



Competencias do título

| Código | Competencias do título |
|--------|--|
| A2 | Coñecer as características destes estudantes, así como as características dos seus contextos motivacionais e sociais. |
| A6 | Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e distintos ritmos de aprendizaxe. |
| A9 | Analizar a práctica docente e as condicións institucionais que a enmarcan. |
| A10 | Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país e os condicionantes políticos e lexislativos da actividade educativa. |
| A11 | Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula. |
| A13 | Promover o traballo cooperativo e o traballo e esforzo individuais. |
| A14 | Promover accións de educación en valores orientadas á preparación dunha cidadanía activa e democrática. |
| A15 | Coñecer e abordar situacións escolares en contextos multiculturais. |
| A23 | Analizar e incorporar de forma crítica as cuestións máis relevantes da sociedade actual que afectan á educación familiar e escolar: impacto social e educativo das linguaxes audiovisuais e das pantallas; cambios nas relacións de xénero e interxeracionais; multiculturalidade e interculturalidade; discriminación e inclusión social e desenvolvemento sustentable. |
| A24 | Coñecer a evolución histórica da familia, os diferentes tipos de familias, de estilos de vida e educación no contexto familiar. |
| B15 | Capacidade para utilizar diversas fontes de información, seleccionar, analizar, sintetizar e extraer ideas importantes e xestionar a información. |
| B16 | Capacidade crítica e creativa na análise, planificación e realización de tarefas, como froito dun pensamento flexible e diverxente. |
| B18 | Compromiso ético para o exercicio das tarefas docentes. |
| B19 | Capacidade de adaptarse a novas situacións nunha sociedade cambiante e plural. |
| B21 | CB1 - Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeneral, e se adoita encontrar a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo |
| B22 | CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo |
| B23 | CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética |
| B24 | CB4 - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado |
| B25 | CB5 - Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

Resultados da aprendizaxe

| Resultados de aprendizaxe | Competencias do título | | |
|--|------------------------|-----|----|
| | | | |
| Coñecer os principais debates teóricos e principais autores responsables de teorías sociolóxicas sobre a educación | A10 | B16 | C6 |
| | A14 | B19 | C7 |
| | A15 | B21 | |
| | A23 | B23 | |
| | A24 | | |



| | | | |
|--|--|---|----------------------|
| Coñecemento do sistema educativo dentro do sistema social | A2 A6 A9 A11 | B15 B18 | |
| Coñecer as principais correntes e debates sociais entorno á educación no século XXI | A10 A23 | B15 B22 B24 | C4 |
| Coñecemento e comprensión das funcións sociais da educación. | A6 A9 A10 | B15 B16 B21 | C4 C8 |
| Aplicar de forma inicial técnicas de investigación social para a recollida e análise da información | A9 | B15 B22 B25 | C6 C8 |
| Aplicación dos coñecementos manexados á realidade social nas súas diferentes manifestacións, para acadar a perspectiva da mesma desde o ámbito da educación. | A2 A11 A13 A23 | B15 B16 B21 B22 B23 B24 B25 | C6 C8 |
| Análise de contidos do sistema educativo | A9 A10 A13 A14 A15 A23 A24 | B15 B16 B18 B21 B23 B24 B25 | C4 C6 C7 C8 |
| Síntese dos coñecementos teóricos e do estudo empírico da realidade social en relación coa educación | A9 A10 A15 A23 | B15 B16 B19 B22 B23 B24 B25 | C4 C6 C8 |
| Avaliación do sistema educativo, así como das súas implicacións tanto a nivel social como persoal | A9 A10 A15 A23 | B15 B16 B18 B19 B21 B22 B23 B24 B25 | C4 C6 C8 |

| Contidos | |
|----------|----------|
| Temas | Subtemas |



| | |
|---|---|
| Bloque 1 Concepto sociolóxico de Educación | 1.1. Definición sociolóxica de educación 1.2. Historia da educación 1.3. Educare e educere 1.4. A educación como un feito social e como un fenómeno sociolóxico 1.5. O sistema educactivo dentro do sistema social |
| Bloque 2 Fontes e referencias da educación: o proceso de socialización | 2.1. A constitución da sociedade e dos individuos 2.2. Análise sociolóxico das estruturas, as relacións e das institucións sociais. 2.3. Análise sociolóxico sobre a sociedade do coñecemento, da información e da comunicación. 2.4. Estudio sociolóxico dos estilos de vida, do consumo e da sustentabilidade. 2.5. La naturaleza como fuente de educación. |
| Bloque 3 Funcións sociais da educación | 3.1. Función de reprodución social 3.2. Función de cambio social 3.3. Reformas e cambios educativos 3.4. Desigualdades sociais en base a xénero, clase social, etnia, cultura, identidade, etc. 3.5. Análise sociolóxico sobre o impacto social dos fenómenos da inmigración humana. |
| Bloque 4 Formas da educación: o seu proceso de regulación | 4.1. Educación formal 4.2. Educación informal 4.3. Educación non formal 4.4. A organización escolar: formal e informal |
| Bloque 5 Actores e roles principais na educación | 5.1. Estudio sociolóxico da estrutura e función das escolas e das organizacións educativas na sociedade actual 5.2. Os axentes educativos: - A familia e a comunidade - Institucións sociais - A función do maestro e profesores - Alumnos 5.3. Socioloxía da interacción no aula 5.4. Socioloxía da infancia e da adolescencia. |

| Planificación | | | | |
|---------------------------|--|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Actividades iniciais | A9 A11 A24 B15 B25 C6 | 2 | 2 | 4 |
| Sesión maxistral | A10 A24 | 13 | 19 | 32 |
| Traballos tutelados | A9 A23 B15 B22 B25 C7 | 15 | 20 | 35 |
| Discusión dirixida | A2 A11 A13 A14 B16 B21 B23 B24 C4 C6 C8 | 5 | 0 | 5 |
| Debate virtual | A2 A6 A11 A13 A23 A24 B15 B18 B19 B22 B24 C4 C6 C8 | 0 | 5 | 5 |
| Foro virtual | A6 A9 A11 B15 B18 | 0 | 5 | 5 |
| Prácticas a través de TIC | A2 A6 A11 A24 B19 B25 C8 C6 | 0 | 10 | 10 |



| | | | | |
|-------------------------------|--|---|----|----|
| Análise de fontes documentais | A13 B22 B25 C6 C7 C8 | 5 | 20 | 25 |
| Lecturas | A9 A10 A14 A15 A24 B24 B23 C6 C7 C8 | 0 | 25 | 25 |
| Solución de problemas | A2 A6 A10 A11 B18 B24 | 1 | 2 | 3 |
| Atención personalizada | | 1 | 0 | 1 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|-------------------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Actividades iniciais | O curso iniciarase coas instrucións e formas de levalo a cabo. Para o cal, tanto o modelo como as pautas da docencia repetiránse ata que quede clara e operativa a mecánica da impartición da materia. |
| Sesión maxistral | Explicación por parte do profesor dos contidos teórico/prácticos xerais, máis suliñables e necesarios para comprender os bloques e temas da materia de Socioloxía da Educación, así como para levar a cabo os traballos tutelados. |
| Traballos tutelados | O contido da materia abórdase mediante traballos de búsqueda de información por parte do alumnado, que terá temporalidade semanal en base ao contido explicitado ou que toque abordar na mesma. Estas partes ou traballos terán un calendario de entregas, mediante a plataforma Moodle. |
| Discusión dirixida | Tanto para a explicitación dos contidos da materia como para a parte práctica da mesma mediante a realización dos correspondientes traballos, o plantexamento do curso trata de manter unha canle aberta tanto para as consultas, preguntas ou dúbidas que poda ter o alumnado como para as súas aportacións, consideracións, opinións e demais cuestións ou contidos que podan constituir a materia. |
| Debate virtual | Na medida que sexa posible e permita o desenvolvemento dos contidos e as ferramentas de comunicación, tratarase de levar os contidos a unha plataforma para o seu debate colectivo. |
| Foro virtual | Durante o curso estará aberto un foro para o plantexamento de calquera cuestión relacionada co mesmo e, sobre todo, os seus contidos. |
| Prácticas a través de TIC | O desenvolvemento do curso precisa do emprego das TICs para todo e en todo momento. |
| Análise de fontes documentais | Os traballos tutelados implican a procura, lectura e análise de fontes documentais para a elaboración dos mesmos. |
| Lecturas | Procurarase facer fincapé nas lecturas por parte do alumnado sobre obras significativas e relevantes para a comprensión da materia impartida. |
| Solución de problemas | Durante o curso estará permanentemente aberta e dispoñible a plataforma para a resolución de calquer problema que poida xurdir. |

| Atención personalizada | |
|------------------------|------------|
| Metodoloxías | Descrición |
| | |



| | |
|-------------------------------|--|
| Traballos tutelados | As clases son eminentemente prácticas, polo que os estudantes desenvolven o contido e coñecemento da materia especialmente a través do traballo individual, da investigación documental e a súa participación nos temas tratados, así como nas entregas periódicas a realizar (máis titorías, lecturas, debates, etc.). |
| Solución de problemas | Por elo, tanto o contido teórico como as actividades que se desenvolverán na parte práctica implican unha estreita colaboración entre o alumnado e o seu traballo e o profesor como guía; xa que nesta materia as horas de prácticas dedícanse principalmente á preparación e seguimento do traballo por parte dos estudantes, así como a outras cuestións relacionadas coa materia. |
| Foro virtual | |
| Lecturas | |
| Análise de fontes documentais | |
| Prácticas a través de TIC | Para estudantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e exención académica de avaliación continua, acordaranse no inicio do curso titorías compatibles coa súa dedicación. No caso das primeiras e/ou segundas oportunidades que non correspondan á avaliación continua, os criterios de avaliación rexeranse segundo a realización dunha proba oral ou escrita, segundo o número de alumnos e as circunstancias; proba na que se incluírán preguntas teóricas e prácticas e na que os estudantes deberán demostrar que acadaron as competencias e os resultados de aprendizaxe da materia. |

| Avaliación | | | |
|-------------------------------|--|---|---------------|
| Metodoloxías | Competencias | Descrición | Cualificación |
| Traballos tutelados | A9 A23 B15 B22 B25 C7 | Ao longo do curso, semana a semana, haberá que elaborar un traballo sobre o tema ou contido correspondente, o cal deberá ser entregado a través da plataforma Moodle. As entregas periódicas terán carácter obrigatorio e, tanto os seus contidos como entregas serán tidas en conta á hora de avaliar o seguimento e cumprimento da materia. | 30 |
| Sesión maxistral | A10 A24 | Os contidos explicitados na exposición dos temas nas clases durante as sesións maxistrais serán avaliados e tidos en conta nos traballos tutelados cos que se planifica e avalía a materia. | 20 |
| Discusión dirixida | A2 A11 A13 A14 B16 B21 B23 B24 C4 C6 C8 | Trátase de agudizar o razoamento crítico nesta materia e utilizar as categorías de análise plantexadas en cada sesión dedicada ós temas de discusión. Esta parte de asignatura intentará medir ou avaliar a participación, implicación e interese do alumnado. | 5 |
| Debate virtual | A2 A6 A11 A13 A23 A24 B15 B18 B19 B22 B24 C4 C6 C8 | Na medida do posible e que permita tanto as TICs como o desenvolvemento do curso, procurarase desenvolver debates en grupo no que valorarase a participación nos mesmos en relación coa materia. Como non é segura a súa realización, a cualificación inclúese no apartado de "Discusión dirixida". | 0 |
| Lecturas | A9 A10 A14 A15 A24 B24 B23 C6 C7 C8 | As lecturas deberán reflexarse nos traballos tutelados, tanto no que respecta á conformación de contidos como de referencias. Asemesmo, tamén poderán ter reflexo nas discusión ou debates. Ademais, ao longo do curso aconsellaranse varias lecturas, dependendo a súa obrigatoriedade da disponibilidad de tempo que permita a planificación das demais metodoloxías. | 15 |
| Análise de fontes documentais | A13 B22 B25 C6 C7 C8 | Esta é a parte ou compoñente principal para conformar axeitadamente os contidos dos traballos tutelados, polo que avalíase a procura, interese, intensidade e profundidade no análise das fontes de información e documentais. Polo que a súa avaliación é a fundamental dos traballos tutelados. | 30 |
| Prácticas a través de TIC | A2 A6 A11 A24 B19 B25 C8 C6 | O emprego das TICs vai a ser necesaria, polo que o seu manexo ou dominio contará á hora de realización dos traballos e nas demais metodoloxías nas que se avalía a materia. É dicir, este non é un apartado cunha avaliación específica senón que se verá reflexada nos outros. | 0 |



Observacións avaliación

Esta materia está plantexada para ser cursada mediante a participación por parte do alumnado na investigación e elaboración de contidos, análises, etc. Asemesmo, trátase dunha avaliación continua. Polo tanto, a súa planificación e desenvolvemento céntrase no segmento a través dos traballos que deben desenvolverse semana a semana, en base aos contidos da materia, e que deben entregarse a través da plataforma Moodle. Sendo por tanto o seguimento, participación, realización e entrega dos traballos os pilares do curso.

Entenderase por avaliación suficiente para superar a materia na súa primeira convocatoria ordinaria obter un 50% entre as metodoloxías descritas.

Esta avaliación é específica para a primeira convocatoria ordinaria da asignatura, é dicir, aquela constituída por unha avaliación continua.

Para o resto de casos e convocatorias haberá unha proba ou examen (oral ou escrita), no que ademais dos contidos teóricos se inclúe un soposto de carácter práctico.

O traballo participativo so será válido para a primeira convocatoria e a súa correspondente avaliación continua. Para o resto de convocatorias que non sexan á primeira ordinaria, non se gardan puntuacións nin traballos ou probas anteriores.

Fontes de información

| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | <p>- Fernández Palomares Francisco (2003). Sociología de la educación. Madrid: Pearson.</p> <p>- Guerrero Serón, Antonio (1996). Manual de sociología de la educación. Madrid: Síntesis</p> <p>OUTROS MANUAIS: - Durkheim, Emile (1996): Educación y sociología. , Barcelona: Editorial Península.- Gómez Jaldón, Celestino (2005): Sociología de la educación. Madrid: Pirámide.- González Radio, Vicente (1998). El futuro de su presente: Análisis de una Autopercepción. A Coruña: CESUGA.- Guerrero Serón, Antonio (2003): Enseñanza y sociedad: el conocimiento sociológico de la educación. Madrid: Siglo veintiuno.PARA O BLOQUE 1: CONCEPCIÓN DA EDUCACIÓN- Gutiérrez Zuluaga, Isabel: Historia de la educación. Madrid: Narcea, 1972- Negrín Fajardo, Olegario: Historia de la educación. Madrid: Centro de Estudio Ramón Areces, 2009.PARA O BLOQUE 2: FUENTES DA EDUCACIÓN- Rousseau, Jean-Jacques: Emilio ou Da educación. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela; [Madrid?] : Fundación BBVA, [2006]- Durkheim, Emile: Educación como socialización. Salamanca: Sígueme, 1976.PARA O BLOQUE 3: FUNCIONES DA EDUCACIÓN- Freire, Paulo: Educación y cambio. Buenos Aires: Galerna, 2002.- Bourdieu, Pierre: Las estrategias de la reproducción social. Buenos Aires: Siglo Veintiuno, 2011.PARA O BLOQUE 4: FORMAS DA EDUCACIÓN- Coombs, Philip H.: La Crisis mundial de la educación perspectivas actuales. Madrid : Santillana, D.L. 1986.-Coombs, Philip H.: La Lucha contra la pobreza rural estudio preparado para el Banco Mundial por el Consejo Internacional para el Desarrollo de la Educación. Madrid: Tecnos, D.L. 1975PARA O BLOQUE 5: ACTORES DA EDUCACIÓN- Harris, Judith Rich: The nurture assumption: why children turn out the way they do. London: Bloomsbury, [1999]- García Aretio, Lorenzo: Claves para la educación : actores, agentes y escenarios en la sociedad actual. Madrid: UNED, [2009]</p> |
| Bibliografía complementaria | <p>Almarcha, Amparo: "Cien años de la sociología de la educación en España: 1877-1977". En REIS, 2, 115-148. Alonso Hinojal, I.: Educación y Sociedad. Las Sociologías de la Educación. CIS. 1991.Collins, Randall: La Sociedad credencialista: sociología histórica de la educación y de la estratificación. Madrid : Akal, [1989]Comenius, Johann Amos: Didáctica magna. Madrid: Reus, D.L. 1971Hernando Calvo, Alfredo: Viaje a la escuela del Siglo XXI. Así trabajan los colegios más innovadores del mundo. Fundación Telefónica; Madrid, (2015)Pinker, Steven: La tabla rasa la negación moderna de la naturaleza humana. Barcelona: Paidós, [2003]</p> |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Historia da educación/652G03011

Educación multicultural/652G03013

Antropoloxía da educación/652G03029

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Teoría da educación/652G03001

Pedagogía social/652G03006

Avaliación e diagnóstico de necesidades socioeducativas/652G03039

Materias que continúan o temario



Deseño e desenvolvemento da acción socioeducativa/652G03002

Animación e xestión sociocultural/652G03017

Dinámicas de comunicación e colaboración na acción socioeducativa/652G03020

Observacións

Recoméndase enviar os traballos telematicamente e, de non ser posible, non utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Débese facer un uso sustentable dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías